

**Valoración xeral da proposta
da Comisión Europea**
para unha nova normativización
das axudas estatais e rexionais
ao audiovisual no espazo europeo

Nova proposta Normativa da Comisión Europea

A Comisión Europea a través da Consellería da Competencia, lanza a proposta para normativizar as axudas que teñen programadas unhas 600 institucións gubernamentais da UE, cun orzamento de tres mil millóns de euros, basándose no artigo 107 -3 -D do Tratado de Fundación da Unión, que salva as axudas que se dirixan a un sector cultural como o cinema de estar sometidas ás regras normais da competencia.

Aludindo á experiencia acumulada desde 2001, a Comisión e concretamente o Comisario da Competencia, Joaquín Almunia, prevén nesta Comunicación 2013 dunha evidente falta de mobilidade na comercialización dos produtos audiovisuais no espazo comercial europeo e de que non se ten xerado un intercambio de postos de traballo na UE, dos que potencialmente se poderían beneficiar un millón de especialistas.

Cambios específicos propostos pola comisión en 2013

*A presente comunicación introduce modificacións nos criterios da comunicación de 2001. En particular, engloba a axuda estatal nun maior ámbito de actividades, subliña **o principio de subsidiariedade** no ámbito da política cultural e **o respecto dos principios do mercado interior**, introduce un **nivel máximo de intensidade de axuda máis alto para as producións transfronteirizas** e contempla a protección do patrimonio cinematográfico e o acceso ao mesmo. A Comisión estima que estes cambios son necesarios á luz da evolución observada desde 2001 e axudarán ás obras europeas a ser máis competitivas e paneuropeas no futuro.*

En 2008 a Comisión encargou un estudo externo para avaliar o impacto económico das axudas institucionais ao cinema e do desenvolvemento industrial que produciron desde 2001, pero recoñece a mesma comisión que **as conclusións non foron o suficientemente claras**. En cambio si son claros os referentes polos que foron creadas as axudas ao audiovisual.

A seguir procedemos a repasar estes puntos e a acompañalos dun conxunto de 15 propostas que consideramos de especial interese para o sector e a súa integración no futuro audiovisual europeo

Diversidade

Como parte da Convención da UNESCO sobre a Protección e Promoción da Diversidade das expresións Culturais, a Unión Europea, xunto cos Estados membros, comprometeuse a integrar a dimensión cultural como elemento esencial das súas políticas.

1.- Dado que o principio fundador das axudas especiais á cinematografía europea é o de potenciar a diversidade cultural, e o valor cinematográfico e social das nosas producións, entendemos que o éxito destas axudas á hora de ser examinadas debe ter principalmente en conta eses factores e non factores de tipo exclusivamente de inmediatez na comercialización. É posible manter os obxectivos de postos de traballo, creación de riqueza, comercialización e interrelación laboral entre os europeos sen dinamitar o principio básico das axudas que define o 107 / 3 / D. Galicia polas súas dimensións e por ser unha cultura minoritaria tería grandes dificultades para sobrevivir.

2.- Máis que os profesionais, que tamén, quen sobre todo debe viaxar por Europa son as producións europeas. Isto esixe un plan de fomento moi contundente para a distribución e exhibición do cinema europeo. Moi contundente quere dicir que poida haber canles de exhibición rexionais, estatais e internacionais aos que compense economicamente correr o risco de perder as producións das *majors* angloestadounidenses.

Territorialización

*Os requisitos de territorialización do gasto constitúen unha restrición do mercado interior de produción audiovisual. Polo tanto a Comisión encargou un estudo externo sobre as condicións de territorialización impostas ás producións audiovisuais, que finalizou en 2008. Como se declarou na ampliación de 2009 da Comunicación sobre o cinema, **o estudo non chegaba globalmente a unhas conclusións claras: non logrou dilucidar se os efectos positivos das condicións de territorialización superaban os efectos negativos.***

*Sen embargo, o estudo constatou **que nos países que aplican requisitos de territorialización os custos da produción cinematográfica son superiores aos observados en países que non o fan.** O estudo tamén concluíu que os requisitos de territorialización poden crear obstáculos ás coproducións e **facelas menos rendibles.***

3.- En contra do criterio da Comisión, consideramos que o concepto de territorialización do gasto debe ser mantido a toda costa ou a defensa da diversidade cultural quedaría nunha mera declaración baleira de contidos. O cinema en Galicia producido a iniciativa dos seus cineastas e produtores quedaría noutro caso posto en serio risco de desaparición.

Outra cousa é que se adecúe ese criterio de territorialización do gasto para permitir e favorecer as coproducións, pero estas deben ter unha xustificación nos seus contidos e non na mera operación comercial.

*Neste texto o goberno francés explica lo que significou para o crecemento da potente industria francesa a territorialización:

http://ec.europa.eu/competition/consultations/2012_state_aid_films/france_fr.pdf

Subsidiariedade

Como as curtametraxes, as películas que sexan a primeira ou segunda obra dun director, las obras de baixo orzamento ou aquelas obras que por outros motivos atoparían dificultades para introducirse no mercado. En virtude do principio de subsidiariedade, incumbe a cada Estado membro establecer unha definición de "película difícil" segundo os parámetros nacionais.

4 - Principio de Subsidiariedade¹ e Galicia.

Aparece o "principio de subsidiariedade" cada vez que hai que abordar "películas difíciles", e distribuir películas que proveñen de culturas minoritarias con idiomas minoritarios, orzamentos minoritarios... A veces a subsidiariedade parece que significa un "alá ti que coñeces aos teus".

Cando a comisión subliña o principio de "subsidiariedade" quere dicir que nos enteremos correctamente de cal é o noso referente institucional? Pedimos recibir sobre este aspecto información precisa de AGADIC coa finalidade de recoñecer dunha maneira transparente a orixe das axudas. Afecta isto á parte de Fondos Europeos de Axuda á Cinematografía?. Ten que facer o Goberno da Xunta de Galicia un esforzo adicional que non asume a UE?

Axudas nacionais/regionais

Unha medida nacional que dificulta o exercicio de liberdades fundamentais garantizadas polo Tratado só pode ser aceptable se cumpre varios requisitos: que estea xustificada polas razóns imperiosas de interese xeral, que sexa adecuada para garantir a realización do obxectivo que persigue e que non vaia máis alá do necesario para alcanzar este obxectivo(...)

Poucas películas europeas distribúense fóra dos territorios en que se produciron e a probabilidade de que unha película europea se difunda en varios estados membros é maior no caso de coproducións nas que participan produtores de varios países. En vista da importancia da cooperación dos produtores procedentes de diferentes estados membros para a produción de obras cinematográficas europeas que se proxectan en varios estados membros, a Comisión considera que está xustificada unha maior intensidade de axuda no caso das coproducións financiadas por varios estados membros nas que participen produtores de varios Estados membros.

¹ O Principio de Subsidiariedade, que definiu a relación legislativa entre a UE e os estados soberanos en Maastricht 1992, consiste en que figuran como normas aplicables nun estado ou unha rexión, aquelas normas netamente europeas (do Parlamento Europeo e da Comisión) que veñan solucionar un problema non resolto polas administracións locais... Concellos, os gobernos autonómicos ou o goberno do estado.

Polas opinións que se verquen nesta comunicación, é moi claro que a Comisión da Competencia **non cree na bondade comercial das producións que propoñen unha diversidade cultural** no espazo europeo. Directamente parécenlle caras e comercialmente “indi”xestas. Pois... esas producións “indis” son as que maioritariamente facemos en Galicia.

5-Axudas rexionais.

Facemos fincapé na responsabilidade dos xestores cinematográficos institucionais á hora de promover un tipo de cinema ou outro. A eles compételles garantir a pluralidade e o valor cultural, cinematográfico e social das producións e deben á súa vez seren chequeados por isto. Galicia e a súa industria audiovisual terá futuro se comprendemos que a nosa dimensión require un esforzo suplementario á hora de comercializar os nosos produtos no gran mercado europeo.

En ningún caso queremos dicir que as producións transnacionais e as coproducións non nos parezan fundamentais. O que queremos dicir é que as declaracións xenéricas de principios nos que se pon en cuestión a comercialización **o valor engadido cultural** sen datos claros ou **que unha medida nacional dificulte o exercicio de dereitos fundamentais** do mercado libre, non teñen base. É un criterio que non nos satisface tecnicamente. A Comisión debe traballar mellor, sumar e non restar.

Neste estudio a comisión exemplifica as posibilidades de favorecer fiscalmente e incluso subvencionar producións de services:

Services

Algunhas respostas á primeira consulta (2012) alegaban que Europa perdería grandes producións se a Comisión prohibira que os estados membros utilizaran axudas estatais para atraelas. Como é notorio, existe claramente unha competencia internacional para atraer grandes producións, incluso entre varios estados federais de Estados Unidos, Canadá, os estados membros da UE e outros países de todo o mundo (Cameron rodará en Nova Zelanda Avatar 2. Casi 500 millóns de orzamento, que é iso?). Varios estados membros da UE indicaron de forma independente e confidencial aos servizos da Comisión ao notificar os seus réximes de axuda ao cinema que están reforzando ou introducindo o seu réxime para seguiren sendo competitivos con outros estados membros

O proxecto de Comunicación propón que os gastos de produción no EEE (Espazo Económico Europeo), e non só no estado membro que concede a axuda, poidan optar a axudas con arranxo a réximes nos que o importe da axuda se calcule sobre a base dos gastos de produción de bens e servizos orixinarios dese territorio concreto.

Isto permitiría a películas filmadas en distintos estados membros beneficiarse de diferentes mecanismos de axuda estatal. Así, os lugares de produción europeos seguirían sendo atractivos para los produtores e, ao mesmo tempo, reduciríase considerablemente o risco de falseamento da competencia no mercado interior.

É dicir: “varios estados pueden competir cos mesmos mecanismos”. Non nos “pegariamos” con Francia por ser máis baratos, senón por outras cousas... Que cinematografía está máis avanzada comercialmente pero igualmente beneficiada polas axudas, a francesa ou a galega?. Segundo esta proposta a gran produtora francesa, Pathé, pode recibir axudas da Xunta para vir rodar a Galicia parte dos seus “services” porque ten os mesmos dereitos que unha produtora galega neste espazo común. Non se trata diso en realidade: darlle todo o Espazo Económico Europeo a calquera produtora e así xerar postos de traballo en calquera lugar?. Si a nosa industria non nos permite ser líderes dun “service ou coprodución grande”, porque a internacionalización dos servicios está moito máis desenvolvida en Francia ou Alemaña... non partimos de moi atrás nesta competición?.

Ademais, o proxecto de Comunicación propón o seguinte plan decrecente se a película obxecto de axuda non é unha obra europea, (non coprodución):

Parte do orzamento de produción

Intensidade máxima de axuda

Menos de 10 millóns EUR 50,00 %

10-20 millóns EUR 30,00 %

Máis de 20 millóns EUR 10,00 %

Por exemplo, no caso dunha película cun orzamento de produción de 100 millóns EUR que non poida considerarse unha obra europea de conformidade coa definición proposta no anexo do proxecto de Comunicación, o importe máximo acumulativo da axuda sería de 5 millóns EUR (50 %) dos primeiros 10 millóns do orzamento, 3 millóns (30 %) dos seguintes 10 millóns do orzamento e 8 millóns (10 %) dos 80 millóns EUR restantes do orzamento, é dicir, un total de 16 millóns EUR.

**16 millóns de EUR. De varios gobernos europeos... pode que sexa asequible, ou pode que nos dea una certa risa aquí en Galicia.*

6- O problema non é que sexa ou non este sistema máis ou menos consecuente cun Espazo Económico Europeo, o problema é que hai varias velocidades en Europa y o negocio das grandes producciones é moi complicado para nós.

Nós debemos pelexar, como o fixo Francia desde os seus inicios, pola nosa diversidade, e medrar sanos co noso ADN. E se é necesario, dividir en dous o noso audiovisual: produtoras de servizos por un lado e produtoras de contidos por outro e elaborar criterios ben diferenciados de axudas para ambas maneiras de crear riqueza:

—concesión de axudas (por exemplo, por un comité de selección) en forma de subvencións directas, definidas, por exemplo, como porcentaxe do gasto de produción

—concesión de axudas definidas en proporción dos gastos de produción no estado membro que as concede (por exemplo, en forma de incentivos fiscais).

Habería que estudar friamente a experiencia da competencia que mantiveron Hungría e Rumanía (cada unha titúlase a si mesma *Eldorado* de Hollywood) polas rebaixas fiscais a producións americanas. Como están esas cinematografías? Como se expresan esos pobos a través delas? Canta riqueza estable xerou esa competencia? Etc. É un modelo de prosperidade que está en cuestión neste momento en Europa a propósito doutros mercados que sufren ameazas de deslocalización.

Propostas tomando a experiencia de anteriores convocatorias AGADIC.

7- Xustificacións e orzamentos

Propoñemos mudar a actual situación pola que o proxecto que se presenta cun orzamento determinado queda vinculado á xustificación dese orzamento e non ao gasto real da produción finalizada.

Calcular o importe da axuda concedida á produción dunha determinada obra audiovisual como porcentaxe dos gastos de produción cinematográfica realizados nun territorio.

Este cambio de criterio que xa propón a mesma Comisión, empeza porque se ten que homoxeneizar a legalidade das axudas directas coas que se articulan a través de rebaixas fiscais e para estas últimas é imprescindible ter en conta o gasto en lugar do orzamento. Pero tamén ten unha lóxica de produción: o orzamento é un proxecto, como o guión ou a proposta de *casting*. O que importa é que ao final sexa unha obra audiovisual finalizada e polo tanto o orzamento debe deixar paso como referente ao gasto feito, finalizado.

Caso paradigmático:

Segundo di a orde até agora, a axuda non pode superar un 40 ou 45% dese custe. Pois ben, se acontece que o AGADIC non concede a subvención solicitada, se non unha cantidade sensiblemente menor, o plan de financiamento queda descuadrado. Daquela se a productora non encontra maneira de conseguir eses cartos noutra parte e simplemente fai a película por un custe menor, o AGADIC minora o pago da subvención segundo o porcentaxe correspondente de diminución de custe de realización en relación co orzamento previsto. O ICAA non o fai así porque o custe de realización é o que realmente se gasta, non o que se prevía gastar, daquela no ICAA o porcentaxe máximo do custe que a axuda pode alcanzar non está vinculado ao proxecto se non ao custe auditado.

Poñamos un exemplo. Orzamento 850 000 Euros de custe de realización, O mínimo para poder obter a contía máxima de axuda, 350 000. No plan de financiamento se consideran 350 000 da axuda do AGADIC. O AGADIC concede 250 000. Nese caso imaxinemos que o produtor gasta e xustifica 750 000, cuxo 40% serían 300 000, polo tanto cumpre a contía máxima do porcentaxe de custe de fabricación que establece a norma, pois ben, segundo o AGADIC o produtor ten que gastar e xustifica 850 000, de non ser así minoran. (Faise unha especie de porcentaxe, creo. No exemplo dirían: 250 mil é 29% de 850 mil, daquela damos o 29%. o 29% de 750 mil sería 217 mil e minorarían 33 mil. Moitísima pasta).

8- Distintos tipos de película e participación TVG.

Como pode comprobarse, nós propoñemos que as convocatorias deberían establecer xa de antemán tres (ou os que sexan) tipos de cantidade de subvención de acordo:

Primeiro: se é unha película galega ou se se trata só dunha participación (tres tipos de cantidade para cada modalidade),

Segundo: respecto á calidade ou plantexamento de especial interese, a traxectoria anterior de quen os presenta e o baremo de galeguidade. Así, se se establece: 250.000, 280.000 e 300.000 o orzamento sempre tería que ser como mínimo de entre 500.000 e 600.000

Consideraría AGADIC a axuda solicitada para as películas do primeiro tipo como Capital Semente. É dicir, que non tería nun primeiro momento que demostrar (aínda que si presentar un Plan de Financiamento) que posúe xa o resto do capital, senón que a partir de recibir esa axuda vaino buscar, valendo esta axuda como trampolín para lograr o resto do financiamento. As de participación terían que demostrar a totalidade do orzamento presentado.

As películas en lingua galega (con ao menos un 51% en galego), de especial interese cinematográfico e social, deben poder recibir unha subvención que supere o 50% do orzamento (admíteo o ICAA e isto en Galicia NUNCA o disfrutamos).

E unha vez realizadas reciban automaticamente unha axuda para a súa comercialización (por exemplo: un 20% da axuda recibida para produción), sendo consecuentes coa proposta da Comisión Europea para películas de especial dificultade.

Que TVG quede obrigada a participar (non coproducir) nas películas galegas (non nas participadas) a cambio dunha porcentaxe de beneficios de explotación, cunha cantidade prefixada cada convocatoria. Se a produtora beneficiada considera que merece máis queda libre de non aceptar a entrada de TVG se non lles convence. Pero que ese mínimo quede previamente garantizado. Naturalmente a maiores a TVG podería entrar nas películas que considere.

9- Capitalización do traballo.

Recuperar as capitalizacións como elemento de xustificación.

É un elemento moi importante para proxectos pequenos e de baixo orzamento. A día de hoxe están a facerse moitas producións de maneira cooperativa e sen a posibilidade de computar eses gastos non pagados en cash se non aportados polos traballadores e mesmo empresarios de servicios non hai maneira de que unha desas producións teña axudas do AGADIC, sendo as que máis o necesitan.

Ámbito de actividades

21. En canto ao ámbito das actividades ás que se aplica a presente Comunicación, os criterios da Comunicación sobre o cinema de 2011 relativos ás axudas estatais centrábanse na produción de películas. Sen embargo, como se observou, algúns estados membros tamén ofrecen apoio a outras actividades conexas, **tales como a elaboración de guións e o desenvolvemento**, a distribución ou a promoción de películas (en festivais de cine, por exemplo).

10- Potenciación das axudas a desenvolvemento.

Para as axudas a desenvolvemento non hai límites de tantos por centos de máxima dotación na proposta da comisión e incluso o que hai é unha vontade institucional manifesta de potenciar estes modelos de axudas.

Neste momento coñecemos dous tipos de axudas en fase de desenvolvemento: 1-Las individuais a escrita de guión. E 2- As axudas a desenvolvemento propiamente ditas.

- 1. As axudas individuais a “escrita” de guión deberíanse de transformar en axudas individuais a “desenvolvemento” de guión. Téñense que potenciar todo o posible estas axudas ao traballo individual pero o seu fin último é que eses guións se roden, aportando ao guionista máis traballo y máis proxección. Para iso: **As axudas individuais a guión poderían conter a posibilidade de que o guionista reciba unha análise profesional ou ben dunha empresa cualificada (hainas moi boas) , ou ben dunha titoría no caso de que así o requira o guionista (sistema empregado nos laboratorios de guión). Iso require unha inversión maior en cada proxecto seleccionado, pero permite externalizar o criterio sobre o resultado final e cargarse de argumentos para facer un *pitching* no que atopar un produtor ou un realizador no caso de que o guionista non o sexa. Por último, isto permite presentar ese guión rematado ás axudas a desenvolvemento de proxecto sólidamente argumentado.**
Habería que resolver o financiamento da fórmula e quen elixe ao titor ou a empresa externa que analice o proxecto, pero non parece tan caro.
Por outro lado debería de sincronizarse a convocatoria dun *pitching* e a inmediata convocatoria de axudas a desenvolvemento ás que poder presentarse cun produtor.
- 2. As axudas a desenvolvemento de proxecto seguirían funcionando tamén independentemente de que se teña

presentado o proxecto a guión ou non. Pode presentarse un produtor e un director ou incluso un produtor só, tal e como veñen sendo ata agora, sen necesidade de terse presentado antes ás axudas de desenvolvemento de guión.

- 3. No caso das axudas a desenvolvemento de proxectos: **O contrato ao director e guionista debería presentarse nun orixinal asinado ou nunha fotocopia compulsada, igual que nas de produción.** O Director/Guionista é un suxeito xurídico que hai que identificar : Gallego, primeira película... e o seu contrato é o vínculo efectivo para que se conceda a subvención. Logo ten que ser un orixinal o que se presente á administración. Debería estar prohibida a práctica de que se asine ao tempo un contrato de renuncia por parte do director/guionista cara o produtor a nivel particular (semella ilóxico que ata agora teña sucedido en máis ocasións das que se pensa). Estaba solucionado este problema nas axudas a Guión do ICAA de hai uns anos esta cuestión dos ingresos do Guionista, cando se dividían as asignacións ao 50% entre o guionista e o produtor e facíase unha comprobación de ingresos en conta.
- 4. O material creativo ten que ser unha boa ferramenta de venda. Propoñemos que abramos unha posibilidade dentro do orzamento de axudas a desenvolvemento no que o creativo (director ou guionista) propoña unha ou varias pezas. Por exemplo unha web en inglés con textos, referencias visuais, e mesmo rodaxes propias. Ou unha compra dos dereitos dunha novela, co autor falando desde o inferno. É importante que nos deamos conta de que aos creadores failles falta tentar sorprender ao mercado e aos produtores tamén.
- 5. Aínda que o guión estea feito e analizado, o produtor poderá encargarse unha ou dúas versións y deberán estar no orzamento a desenvolvemento.
- 6. Deben revisarse as normas de cesión de dereitos de explotación. É positivo que nun produto dun territorio que representa o 0,6 por cento da poboación da UE, cunha lingua e unha cultura propias se conte cos seus creadores para calquera tipo de acción de venda. Outra cousa moi distinta é que o creador queira ceder **todo o traballo de comercialización** ao produtor, para o que é libre, pero propoñemos que se revise a **obligatoriedade** de que isto suceda. A idea é que se as regras do mercado impoñen a unha produtora ter todos os dereitos de explotación, se articule unha fórmula pola que **se non se ten conseguido o financiamento e o guionista e o director seguen interesados, poidan recibir de volta eses dereitos de explotación,**

retribuíndo ao produtor coa venta a outro produtor dos dereitos se fora preciso.

- 7. Os cartos recibidos en desenvolvemento, tanto para un guión como para calquera outro traballo, deberíase capitalizar na produción da película. Nalgúns países cando se ten conseguido o financiamento completa da película devólvense estes cartos á administración para que o incorpore ás seguintes axudas a desenvolvemento de guión.

É mellor que se conte cos creadores e se lles pague desde o principio e ao longo do proceso de creación. Temos que sobrevivir ata chegar á rodaxe facendo o noso traballo e cobrando. **Hai que pelexar por ter traballo o máis continuado posible e o proceso de escrita e desenvolvemento permíteo se está configurado dunha maneira racional.**

11 - Webs e todos os formatos arredor

Proceso de creación web

Algúns estados membros consideraron o apoio a proxectos audiovisuais que van máis aló do concepto tradicional de producións cinematográficas e televisivas. A narrativa transmedia (coñecida tamén como narrativa multiplataformas ou narrativa con cruce de medios) é a técnica de contar historias a través de múltiples plataformas e formatos utilizando tecnoloxías dixitais, como as películas e os xogos. É importante observar que estes contidos están interconectados. Xa que os proxectos transmedia están inevitablemente vinculados á produción dunha película, o compoñente de produción cinematográfica considérase unha obra audiovisual que está incluída no ámbito de aplicación da presente Comunicación.

Evidentemente é unha boa noticia que un medio como a rede e a elaboración de Webs reciban un apoio integral e non só na faceta audiovisual, senón na gráfica, na de busca de sponsorizacións, etc.

--Estanse facendo agora en Galicia webseries que representan un talento moi superior ao que habitualmente se desenvolve nos formatos canónicos. Esas webseries fanse gratuitamente consúmense gratuitamente.

1-Falta de sensibilidade cara os novos formatos. Que impide a compra destes produtos tan baratos á web da TVG?

2- Un medio de difusión como é Internet propón a gratuidade ou nada, se non tes posibilidades de sponsorización.

3 Ninguén se ten decatado aínda de que é un viveiro de novos talentos e formatos e que desde o goberno de Galicia deben potenciarse xustamente estas iniciativas seguindo os principios básicos da función das axudas ao audiovisual.

--Por outro lado e no marco das webs con éxito: As cabeceiras xornalísticas están a probar novos formatos de documentais cos atributos de "artigos de opinión" nos que os realizadores audiovisuais temos moito que

--Por último, os laboratorios de WebDocs proliferan como tales dentro de calquera país, aínda que en xeral dentro das universidades. Esta páxina é moi reveladora do que estamos a falar <http://www.doclab.org>

Propoñemos que se xeren axudas especiais sen límites porcentuais para proxectos transmedia e así poder medrar no futuro inmediato.

12- Potenciar o que viñemos chamando subvencións a talento.

Trátase dun tipo de subvención que ten dado magníficos resultados en canto á potenciación de novos talentos e o desenvolvemento de proxectos experimentais. En todas as cinematografías europeas estas axudas foron medrando e a pesar de que a Comisión déixaas de novo absolutamente ao criterio de subsidiaridade, é evidente que son axudas que segundo reconece a propia comunicación da Comisión, teñen que financiarse por parte da administración ao 100% da produción porque teñen a misión de potenciar a cinematografía do país a medio prazo. Tendo en conta que os cambios tecnolóxicos favoreceron o abaratamento das producións, son as axudas máis rendibles que se poidan potenciar desde un goberno.

13-Posibilidade de ampliar o prazo nas seguintes convocatorias, e de estipular esta ampliación na redacción da convocatoria.

14-Tempo mínimo para a produción

Calquera produción que requira dun proceso de investigación, cun traballo persoal e a desenvolver dun xeito precario en canto aos investimentos monetarios, non debería rebaixar dos 3 meses dende a súa resolución favorable. É un tempo realista en canto a mínimos. Menos tempo vai contra a calidade dos proxectos por moi sinxelos que podan parecer.

15- Non discriminar duracións das obras

Determinado tipo de axudas, precisan de liberdade creativa en canto a tempos de duración da película de creación. Haberá historias e procesos que requiran de moitísima máis duración, películas contemplativas por exemplo, onde a duración non implica máis cartos para a súa produción. A limitación de 30 mn é un impedimento para achegarse á longametraxe. Pola contra, dous minutos dunha produción moi complexa, experimental, que mixture técnicas de animación, ou que se base noutros parámetros distintos do mero rexistro, pode significar máis traballo, orzamento e tamén máis tempo.

A limitación da duración non axuda á creación neste caso que podería acoller máis formatos audiovisuais.